



## XVI CONCURSO ESCAPARATES 2020

- 1** O Concello de Arteixo, a través da súa Concellaría de Promoción e Desenvolvemento convoca o "XVI Concurso de Escaparates do Nadal 2020".
- 2** Poderán participar neste concurso todos os comercios, servizos e hostalería que desenvolvan a súa actividade no termo municipal de Arteixo, sempre que cumpran todos os requisitos para o exercicio da actividade e teñan escaparate decorado con motivos do nadal como mínimo durante un período comprendido entre o **10 de decembro de 2020 e o 5 de xaneiro de 2021**.
- 3** Para inscribirse no concurso, deberán entregar no Rexistro do Concello de Arteixo unha **solicitud de inscrición**, segundo o modelo creado para tal efecto e que se inclúe no anexo. Igualmente tamén poderán presentarse por correo electrónico á dirección [emplego@arteixo.org](mailto:emplego@arteixo.org).
- 4** O **prazo de inscricións comezará** ás 9:00 horas do día **30/11/2020** e rematará ás 14:00h. do día **11/12/2020**
- 5** As decoracións dos establecementos serán examinadas polo xurado o día **15/12/20** e sucesivos de ser necesario, entre as 18:00 e as 21:00 horas.
- 6** O xurado estará composto por:
  - Dous representantes do mundo comercial e artístico especializada en técnicas de escaparatismo e merchandising.
  - Técnico/a do Departamento de Promoción e Desenvolvemento do Concello de Arteixo ou, no seu defecto, a persoa na que delegue, que actuará como secretaria do xurado.

**7** Establécense catro categorías de premios dotados coas seguintes cantías:

- Primeiro premio:  
**900 euros** (novecentos euros)
- Segundo premio:  
**600 euros** (seiscentos euros)
- Terceiro premio:  
**300 euros** (trescientos euros).
- Accésit á orixinalidade:  
**300 euros** (trescientos euros).

Os ditos premios estarán suxeitos ás retencións que se determine pola lexislación tributaria vixente e faranse efectivos mediante transferencia bancaria aos premiados.

Con carácter previo ao outorgamento dos premios, comprobarase que os premiados propostos polo xurado están ao corrente das súas obrigas tributarias municipais, estatais e coa seguridade social e non son debedores á facenda municipal polo reintegro de subvencións.

Non poderán obter a condición de premiadas as persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias que permitan cualificalas como beneficiarias segundo o disposto no artigo 13 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, no artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e demais normativa aplicable.

**8** O xurado resérvese o dereito a declarar os premios desertos, se o estimase oportuno.

**9** A adxudicación dos premios farase en función dos puntos outorgables para os seguintes criterios:

- A imaxe comercial** e presentación do produto: ata 4 puntos.
- A creatividade** da decoración: ata 4 puntos.
- A iluminación** do establecemento: ata 4 puntos.
- A composición** e adecuada distribución espacial: ata 4 puntos.

A excepción do premio "Accésit á orixinalidade" onde só se terá en conta este criterio.

**10** O resultado do Concurso, quedará reflectido na acta correspondente, darase a coñecer o día **21/12/2020**.

**11** O feito de participar neste concurso presupón a aceptación de estas bases.



### DATOS DA EMPRESA

Razón Social: \_\_\_\_\_

CIF/NIF: \_\_\_\_\_

Nome Comercial: \_\_\_\_\_

Actividade: \_\_\_\_\_

Endereço: \_\_\_\_\_

Email: \_\_\_\_\_

Teléfono: \_\_\_\_\_ Fax: \_\_\_\_\_

### SO EN CASO DE PERSOAS XURÍDICAS

Nome e Apelidos: \_\_\_\_\_

DNI/NIE: \_\_\_\_\_

En calidade de: \_\_\_\_\_

Declaro que os datos anteriores son certos e que coñeo e accepto as bases do concurso.

Data: \_\_\_\_\_

Sinatura do titular ou representante legal:

Recortar pola liña de puntos

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Arteixo (A Coruña)  
En virtude do artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal que voluntariamente faciliten os concursantes serán utilizados exclusivamente para este fin. Os datos non serán incorporados a ningún ficheiro automatizado. O interesado poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose ao Concello de Arteixo, Praza Alcalde Ramón do Pico 1, Arteixo.